

## **ROGO DE AER SOBRE A ORDENANZA DO USO DO GALEGO**

PLENO 26 SETEMBRO 2013. ACTA 16/2013

**“Como dixemos nun pleno anterior, parece que a tradición pesa moito neste Concello, e dentro das tradicións máis arraigadas está o incumprimento e/ou descoñecemento das ordenanzas municipais.**

**Se ben cando chegamos á corporación descubrimos un proxecto encargado a unha empresa de Porriño por unha concellería do BNG sobre a recuperación do Val do Maceiras que sorprendentemente non estaba redactado en galego, este mes pasado puidemos ver como outro proxecto encargado polo Concello, desta vez sobre unha modificación urbanística en Vilavella e encargado a uns arquitectos de Vigo, tampouco estaba redactado en galego.**

**Parecen esquecer que o noso Concello ten unha Ordenanza Reguladora sobre o uso do galego, que no seu Capítulo IV, Artigo 7 di:**

**Relacións coas empresas privadas. Os estudos, proxectos e traballos semellantes de consultoría, asistencia concretas non habituais, servizos específicos e traballos concretos non habituais, así como calquera outra de prestación de servizos técnicos que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego, terán que ser redactados en galego, aínda que a súa finalidade esixa, tamén, noutras linguas.**

**Vendo que seguen incumprindo as ordenanzas que vostedes mesmo aproban, pois esta ordenanza foi asinada polo alcalde do PP Amado Ricón, ROGAMOS cumbran a ordenanza reguladora sobre o uso do galego do Concello de Redondela, poñan en valor o noso idioma e traballen para normalizar o seu uso.”**